



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE "Manuel López Navalón"
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE CONVIVENCIA

CEE "Manuel López Navalón"

SANTIAGO DE COMPOSTELA



Introdución

O presente Plan de Convivencia, pertencente ao CEE "Manuel López Navalón" de Santiago de Compostela, basease na seguinte normativa de aplicación na nosa comunidade:

- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnos e as normas de convivencia nos centros.
-

1.- O Noso Centro

O CEE "Manuel López Navalón" de Santiago de Compostela oferta as ensinanzas de Formación Básica e Formación Profesional Complementaria ao alumnado con NEE significativas mediante dictame de escolarización. Parte do alumnado que cursa Formación Profesional Complementaria poderá estar integrado nos diferentes perfís profesionais ofertados mediante PCPIs, pero as súas características persoais teranse en consideración á hora de flexibilizar os termos previstos na lexislación vixente para o desenvolvemento dos mesmos, buscando sempre a maior autonomía persoal, a preparación para unha vida adulta activa e o mais normalizada posible (preferentemente incluíndo actividade laboral). Os principios da escola inclusiva son os que fundamentan esta estrutura organizativa e metodoloxía de traballo.

O alumnado que cumpra os requisitos previstos pola lexislación para formalizar a súa matrícula en PCPIs non precisará de dictame de escolarización.

Todo o noso alumnado con NEE pode acceder pola vía ordinaria ou extraordinaria aos servizos de comedor escolar, transporte escolar, lavandería e escola-fogar; servizos que son totalmente gratuítos para este alumnado cando conte don ditame de escolarización.

Os usuarios da Escola-Fogar son un grupo reducido e cun traballo máis constante e permanente por parte dos profesionais do centro no eido da convivencia. O alumnado de Formación Profesional, por outra banda, é o que maiores conflitos violentos orixina; máxime cando moitos acoden ao centro cunha historia previa de absentismo escolar, obxección ou deserción escolar e conductas desafiantes cara á escola. As familias disfuncionais, os entornos desfavorecidos, as malas compañías e o abuso de sustancias tampouco lles son alleos. O tempo que este alumnado pasa no centro tamén é máis reducido (circunscríbese ao horario lectivo) e chegan ao centro en situación de conflito familiar ou social polo que a prevención primaria resulta inviable primando a intervención directa e indirecta.

O CEE "Manuel López Navalón" funciona tamén como Centro de Recursos Educativos atendendo tanto ao seu propio alumnado como, en atención ambulatoria, a rapaces e rapaces de centros da comarca que amosan dificultades de Audición e Linguaxe. A sobreprotección e a falta de normas son ingredientes máis comúns sobre os que se asentan as situacións conflictivas neste alumnado, cuxa presenza no centro é, por outra banda, moi reducida (unha ou dúas horas semanais); o que dificulta toda acción preventiva e interventora.

2.- Consideracións Terminolóxicas e Conceptuais

Violencia:

Violencia Directa:

Agresións físicas e verbais.



Violencia Estructural:

Situacións de exclusión, discriminación e marxinación entre iguais. Podería ser en relacións xerárquicas, pero estas serán evitadas pola propia organización do centro.

Violencia Simbólica:

Actitudes que mescoban a dignidade da persoa.

Violencia Doméstica:

A que ten lugar no seo familiar (sexa familia natural ou legal) e ten eco na actitude do alumno.

Conflictividade:

Toda situación de desacordo ou diferenza que se resolve pacificamente mediante o diálogo, a comunicación, o acordo, a negociación... chegando un punto común que enriquece a tódalas partes.

Agresividade:

É unha cualidade inherente ao ser humano diante dunha situación propicia; que pode desenvolver en violencia se así se aprende, ou na resolución pacífica do conflito. Este é o noso obxectivo.

Convivir:

Aprendese interactuando e compartindo vivencias xuntos; fomentando as boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica dende o diálogo e a escoita activa. No noso centro, partindo do lema “Todos iguais, todos diferentes”, a convivencia é o xeito de aceptar a diferenza e asumila como algo positivo e como enriquecemento persoal e social.

Matonismo/Acoso entre iguais/Bullying:

Situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sobre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. A erradicación do acoso entre persoas con diferentes roles, pola súa perniciosidade manifesta, supón unha prioridade.

Vandalismo:

Comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais do centro ou das persoas, sen consideración nin respecto ningún. Nestos casos a intervención será inmediata con medidas disciplinarias cun marcado compoñente reparador e educativo.

Disciplina:

Trátase dunha necesidade persoal e social; particularmente a autodisciplina. Os ámbitos educativo e laboral son os que, pola formación que ofertamos, nos afectan máis directamente. Entendemos disciplina como o respecto ás normas de convivencia democráticas (na medida de posibilidade de participación do noso alumnado), en calquera actividade que teña que ver coa vida do centro.

Comportamentos Disruptivos:

Son acontecementos que alteran o normal funcionamento do centro, relacionados co currículo (fala de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc), cos compañeiros (mentir o falsear a realidade, mostrar incapacidade para o dialoo, xogar dentro da clase interrompendo aos demás, etc.) co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para nterromper, etc.) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deabular polo centro). As problemáticas socio-familiares (problemas familiares graves, proximidade ao mundo das drogodependencias, carencias afectivas, culturais e sociais, etc) son detonante directo destes comportamentos polo que a actuación non pode ser



só correctiva, senon que se precisa da prevención e intervención dada a lta prevalencia (que tende ao 100%) destas cuestións no noso alumnado.

Absentismo Escolar:

A falta de asistencia ás aulas pola indiferencia, a falta de expectativas e a sensación de impunidade é un problema recorrente do alumnado que chega á Formación Profesional no noso centro. Por iso a intervención dende o comenzo de curso é fundamental. Certos alumnos e alumnas de Formación Básica, polas súas particulares situacións socio-culturais tampouco son alleos a este fenómeno, polo que haberemos de extremar as precaucións.

3.- A Convivencia no Contexto do noso Centro: Análise da situación

En base á análise das diferentes aportación o Observatorio para a Convivencia sintetiza nesta radiografía a situación de convivencia no centro.

I. Valoración global da convivencia: segundo a seguinte escala valorativa: 1 (moi malo), 2 (malo), 3 (regular), 4 (normal), 5 (bo), 6 (moi bo), 7 (excelente)

1. Diferentes aspectos da convivencia no centro

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado 1 2 3 4 **5** 6 7
- As relacións co equipo directivo 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións do profesorado co alumnado 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións do alumnado co profesorado 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións entre o alumnado 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións do profesorado coas familias 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións das familias co profesorado 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa 1 2 3 **4** 5 6 7
- As relacións da comunidade educativa co contorno escolar 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións do centro cos servizos sociosanitarios 1 2 3 4 5 **6** 7
- As relacións coa Administración educativa 1 2 3 **4** 5 6 7

2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre).

- Entre profesorado e o equipo directivo 1 **2** 3 4 5 6 7
- Entre profesorado 1 **2** 3 4 5 6 7
- Entre profesorado e alumnado 1 2 **3** 4 5 6 7
- Entre alumnado 1 2 3 **4** 5 6 7
- Entre o profesorado e as familias 1 2 **3** 4 5 6 7
- Entre pais/nais e fillos/as 1 2 3 4 5 **6** 7
- Entre as familias 1 **2** 3 4 5 6 7
- Entre o centro escolar e a administración educativa **1** 2 3 4 5 6 7
- Entre o centro escolar e o concello **1** 2 3 4 5 6 7
- En relación co persoal non docente 1 2 3 4 5 **6** 7

3. Conflictos producidos con máis frecuencia nos últimos anos.

- Agresións verbais entre alumnado 1 2 3 4 **5** 6 7
- Agresións físicas entre alumnado 1 **2** 3 4 5 6 7
- Agresións verbais de profesorado a alumnado **1** 2 3 4 5 6 7
- Agresións físicas de profesorado a alumnado **1** 2 3 4 5 6 7
- Agresións verbais de alumnado a profesorado 1 2 3 **4** 5 6 7
- Agresións físicas de alumnado a profesorado **1** 2 3 4 5 6 7
- Intimidación e acoso entre alumnado 1 **2** 3 4 5 6 7
- Problemas entre o profesorado 1 **2** 3 4 5 6 7
- Vandalismo ou deterioro grave nas cousas **1** 2 3 4 5 6 7
- Roubos 1 2 **3** 4 5 6 7
- Problemas co consumo de drogas 1 2 3 **4** 5 6 7

- Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase) 1 2 3 4 5 6 7
- Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto) 1 2 3 4 5 6 7
- Acoso sexual 1 2 3 4 5 6 7
- Absentismo e deserción escolar 1 2 3 4 5 6 7

4. Utilidade de diferentes medidas para mellorar a convivencia no centro.

1 (nada), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algo), 5 (bastante), 6 (moito), 7 (moitísimo ou a que máis)

- Reforzar a disciplina no centro 1 2 3 4 5 6 7
- Consensuar normas entre alumnado e profesorado (na medida da súas capacidades) 1 2 3 4 5 6 7
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado 1 2 3 4 5 6 7
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado 1 2 3 4 5 6 7
- Darlle máis participación ás familias na xestión do centro 1 2 3 4 5 6 7
- Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións 1 2 3 4 5 6 7
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias 1 2 3 4 5 6 7
- Mellorar as condicións de traballo do profesorado 1 2 3 4 5 6 7
- Facer grupos de alumnado máis reducidos 1 2 3 4 5 6 7
- Mellorar os recursos do centro educativo 1 2 3 4 5 6 7
- Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos 1 2 3 4 5 6 7
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos 1 2 3 4 5 6 7
- Facer grupos de mediación en conflitos nos centros 1 2 3 4 5 6 7
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado 1 2 3 4 5 6 7
- Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa 1 2 3 4 5 6 7
- Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo 1 2 3 4 5 6 7

Na actualidade o clima de convivencia no centro non é malo, particularmente tendo en conta as súas especiais circunstancias, pero pode mellorarse camiñando cara á consecución de resultados máis rápidos e perdurables no tempo. O Plan de Convivencia encamiñase á reflexión sobre as actuacións levadas a cabo ata o momento, a súa efectividade e a consolidación daquelas que temos constatado como “boas prácticas” e a súa xeralización no centro. A meirande parte dos conflitos se producen, como temos mencionado, en Formación Profesional, por orde de incidencia estes son:

- Disrupcións da actividade lectiva, falta de respecto hacia o profesor/, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Distraccións e falta de atención.
- Olvido do material para o desenvolvemento da clase.
- Faltas inxustificadas de puntualidade e asistencia.
- Desconsideración cos compañeiros.
- Cuestionamento da autoridade do profesor/a e/ou do persoal non docente (particularmente na escola-fogar)
- Pequenas pelexas en espazos comúns como aseos ou patio, insultos, etc.
- Ocasionalmente se teñen detectado casos máis graves (situacións de posible acoso ou de rebeldía extrema contra o entorno educativo) con carácter puntual e normalmente asociadas a patoloxías psiquiátricas ou situacións de conflito socio-familiar grave.

As causas máis salientables desta situación son:

- **ALUMNADO:** Aмосa escasa motivación, difiltadesde aprendizaxe, NEE significativas, problemas psiquiátricos, impulsividade e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os conflitos axeitadamente, ausencia dun referente de autoridade, carencia de perspectivas de futuro, escasa tolerancia á frustración e ausencia de comprensión do valor da recompensa demorada.
- **FAMILIAS:** Encubrimento da problemática específica do alumnado novo á escola por medo a “etiquetalos”, o que dificulta seriamente a labor educativa. Falla de colaboración e implicación (como non controlar a asistencia do fillo/a ou que acoda a clase co material). Falta de clima familiar funcional, ausencia de normas e límites, sobreprotección, falla de dialogo familiar, pouco tempo adicado aos fillos por traballo ou situacións persoais diversas.
- **PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE:** Falta de coordinación entre o persoal non docente e deste co profesorado. No caso concreto do profesorado falla de unanimidade na apreciación dos conflitos, da súa gravidade e do xeito de resolvelos.

- **SOCIEDADE:** Transmisión dunha acervo de valores desvinculados e mesmo contrarios á disciplina, á autodisciplina e a o esforzo persoal; así como dunha imaxe de “vida fácil” que non se corresponde coa realidade. Idealización da vida adulta e ocultación dos problemas desta aos rapaces e rapazas.

4.- Obxectivos do plan integral de mellora da convivencia

- Desenvolver no noso centro os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, asentada nos hábitos democráticos de convivencia así como nunha cultura cívica e nos valores de respecto e de tolerancia, integrando as achegas doutras culturas.
- Conseguir a integración de todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación.
- Fomentar a implicación das familias tanto na transmisión de valores aos seus fillos que favorezan a convivencia na familia, no centro e na sociedade, como a súa participación nas actividades do centro en a colaboración cos profesores na tarefa educativa.
- Mellora das reaccións entre todos os membros da comunidade educativa, implicándoos en todas as actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no centro.
- Previr os conflitos violentos no centro abogando por una visión positiva e pacífica dos mesmos; e atallalos á maior brevidade en caso de se produciren.
- Prever unha atención diferenciada para aquel alumnado que, por diversas causas, estea predisposto a xerar situacións de conflito e violencia, entendendo a problemática no seu conxunto e tratando de reconducir esa tendencia.
- Dado o reducido dos grupos, achegar as titorías ao modelo de mentorazgo, particularmente naqueles casos nos que o alumno ou alumna precise de referentes claros e firmes.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación do noso alumnado sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Tomar conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.
- Implantar programas de prevención da conflictividade e da violencia no centro promovendo a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar; favorecendo a súa difusión, o intercambio de experiencias e o aproveitamento de materiais e de recursos tanto propios do centro como do contorno.
- Prevención e erradicación do absentismo escolar como paso primordial para a integración na vida diaria do centro.

5.- Ámbitos de actuación

O noso plan de convivencia artículase en base a dous eixos fundamentais: a prevención e a intervención. Ámbolos dous deberán estar presentes nos diferentes ámbitos de actuación que definimos para o noso centro.

- O ámbito docente: as relacións que se establecen entre profesores e alumnado no marco da actividade docente.
- As relacións entre iguais: o clima e a organización destas relacións favorecido pola estrutura organizativa do centro como poderoso axente dinamizador da convivencia. Entendemos neste ámbito non só as relacións entre alumnos e alumnas, senon tamén as que afectan a o profesorado e o persoal non docente nas súas relacións recíprocas.
- O internado: o educativo mesturase o ocio e lecer, cunha vida case familiar que ten unha potencialidade moi significativa tanto na prevención como na intervención.
- As familias: tanto na súa relación cos fillos e fillas como na relación co centro. A prevención primaria dende o ámbito familiar e imprescindible e a intervención cooperativa dende a familia e un dos maiores recursos para o centro. Para isto a relación fluída tanto telefónicamente como presencial é crucial, habendo sempre algún profesional dispoñible para a familia que o necesita no centro (titor/a, xefatura de estudos, educador, dirección...).

Este contacto é constante e continuo, tantas veces como seña necesario e polo menos unha vez ao ano (cara a mediados de curso) de xeito plenario.

- O ámbito social: entendido este nun sentido amplo como todos os recursos sociais dos que o centro dispón a nivel preventivo e paliativo a todos os niveis da vida do centro. Neste senso os Servizos Sociais dos concellos de procedencia dos nosos alumnos e moi especialmente os de Santiago de Compostela, son un referente claro. Mención aparte merece a UMAD (Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente) e a Unidade de Atención a Familias do noso concello, que xogan un papel moi activo tanto na prevención como na intervención. Os servizos xudiciais de Menores e de tutela tanto por acollemento como por confinamento e os servizos de saúde (física e mental) da comarca son outro dos pilares fundamentais da intervención. Finalmente os organismos dependentes do Servizo Galego de Colocación (FADEMGA, COGAMI...) que interveñen simultaneamente a nos para facilitar a transición á vida adulta do alumnado con discapacidade; e o tecido empresarial da comarca que acolle as prácticas en empresa tanto para alumnos con como sen discapacidade e que moitas veces funcionan como segundos titores e referentes para o alumnado.

6.- Temporalización

Consonte ao *Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia*, o período de aplicación do presente plan será de tres anos, establecendo o horizonte de xuño de 2010 para a finalización e avaliación do mesmo.

7.- Propostas de Actuación

Profesores

Adicarán as primeiras clases do curso a explicar claramente a todos os alumnos cales son as normas de comportamento axeitado na aula non permitindo aquelas actitudes que máis adiante deberán correxir (falar na clase, acudir sen material, levantarse sen permiso, comer golosinas, agredir ou marxinas aos compañeiros verbal ou fisicamente -nin “en broma”). Fomentaranse hábitos e valores positivos como a escoita activa, o respecto tanto ás persoas como ao material e instalacións, o aprendizaxe colaborativo, o espírito de grupo, a axuda ao máis feble, etc. Paralelamente a esta labor concienciadora da convivencia positiva é necesario reforzar a autoridade do profesor dende o primeiro momento, sendo as cuestións curriculares secundarias; por isto, a amonestación por parte do equipo directivo será o último recurso pois, do contrario, perde o profesor autoridade fronte aos alumnos.

Cada profesor comprobará ao comenzo de cada clase a presenza de todos os alumnos e alumnas do grupo na aula. De ser a primeira hora da mañan ou de ter estado presente o alumno nas clases anteriores, comunicarllo ao titor ou á xefatura de estudos, para proceder a comunicalo INMEDIATAMENTE por vía telefónica.

Ante unha situación de conflito e cando o diálogo co alumno ou alumna non sexa suficiente para solucionar o problema, o profesor poderá utilizar os seguintes recursos:

- Cambiar a distribución dos alumnos na aula
- Anotación dos feitos no parte de aula
- Entrevista a os pais durante o mesmo día (telefónicamente pode ser suficiente) deixando constancia neste caso tanto ao titor como á xefatura de estudos.

- Privación do recreo para a realización de tarefas escolares ou de reposición ou mellora do centro, así como de apoio a compañeiros e axuda nas tarefas do centro (particularmente no caso de desperfectos ou fallas de respecto).
- Expulsión da aula ao pasillo durante un periodo curto de tempo (“tempo-fora”) para calmar unha situación puntualmente tensa. Neste caso o profesor debe responsabilizarse dese alumno ou alumna.
- Parte de Incidencias que será tramitado pola xefatura de estudos, a dirección ou a Comisión de Convivencia en función da gravidade dos feitos, segundo o procedemento establecido na lexislación vixente e a súa concreción no RRI do centro; sempre evitando na medida do posible as expulsións temporais ou redicíndoas ao mínimo posible, dado que moitas veces ese é precisamente o obxectivo da conducta disruptiva, sendo máis que medida disciplinaria, un premio.

Os profesores de Garda

Acudirán puntualmente á sala de profesores para comprobar se hay profesores ausentes e, en caso necesario atenderán rápidamente a aula do grupo que esté sen profesor. Este funcionamento fluído verase favorecido polos seguintes procedementos:

- Cando un profesor preveña que vai a faltar (visita médica, cursiño, reunión...), apuntarase no parte e comunicarllo preferentemente á xefatura de estudos ou, de non ser posible a algún membro do equipo directivo.
- As ausencias por enfermidade ou imprevisto deberán comunicarse telefónicamente a primeira hora da mañan.

Os profesores de Garda do Recreo repartiranse polas distintas zonas de esparcemento sin esquecer a zona traseira e as escaleiras de acceso ao centro. A coidadora ou coidador atenderá preferentemente ao alumnado con NEE máis significativas.

Os cambios de clase serán máis rápidos e fluídos posible, non podendo abandonar a aula cando seña necesario máis que o cambio de profesor. Ningún profesor poderá permitir a saída dos seus alumnos antes do remate da hora.

Os titores

Deben plantexar actividades encamiñadas a fomentar a convivencia en xeral, dedicarán as primeiras sesións de tutoría a explicar pormenorizadamente as normas de convivencia do centro, a elección de delegado, etc. Impulsarán unha dinámica de grupo na que se potencie o traballo cooperativo, a cohesión do grupo, a tolerancia e o respecto recíproco, a formación en valores persoais e sociais que favorezan a adquisición de hábitos de traballo, relación social e comunicación equilibrados.

Os titores, como eixo crave da convivencia:

- Canalizan as iniciativas de nais, pais e alumnos e coordinar as actividades do seu grupo.
- Son informados das amonestacións e sancións impostas aos seus tutelados.
- Informan aos pais (telefónicamente) das faltas de asistencia e de disciplina.
- Solicitar á xefatura de estudos que convoque reunión da equipa docente cando xurdan problemas de carácter colectiva que requiran de medidas conxuntas por parte de todo o profesorado.

O alumnado

Consonte ao establecido no *Decreto 732/1995 de 5 de mayo por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros. (BOE, 02/06/95)*, os alumnos terán dereito á integridade física, liberdade de conciencia, infimidade, libre expresión e confidencialidade, a ser escoitado, participación na elaboración das normas de convivencia (na medida das súas posibilidades), coñecemento das normas de funcionamento e de convivencia, compensación das desigualdades e atención personalizada.



Así mesmo terán como deberes a tolerancia e o respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; a non discriminación, a implicación na vida do centro; o respecto ás normas democráticas de convivencia, a asistencia regular a clase (puntual e debidamente equipados para participar activamente no desenvolvementos das clases); así como a realizar o esforzo necesario, en función da súa capacidade, para comprender e asimilar os contidos; a cooperación, a solidariedade, a información “confidencial” favorecedora da mellora das relacións e o coidado dos recursos e instalacións. No tocante os procedementos a seguir no caso de ausencias inxustificadas reiteradas estarase ao establecido no RRI.

Naqueles casos que o titor ou calquera outro responsable da resolución dun conflito, así o estableza, poderá utilizarse un mediador, podendo ser este un alumno, que se encargará de solucionar os problemas que puideran xurdir, contanto co apoio da equipa directiva.

As nais e pais

Tanto nas entrevista de principios de curso como en reunións posteriores, tanto os titores como a equipa directiva, transmitiralles a idea de que o ensino é un proceso compartido xunto aos profesores. Ademais de informarlles da hora de atención semanal, para a que é preciso concertar cita previa, o profesorado do centro estará disposto a atender a calquera nai ou pai fora dentro do seu horario lectivo cando a situación persoal destes non lles permita acudir no horario previsto, ou cando se trate de solucionar algunha cuestión perentoria (especialmente a través do teléfono). Pediráselles, así mesmo, que fagan aportacións e suxestión, e recordaráselles que toda a información dispoñible sobre o seu fillo/a e necesaria para o exercicio da labor docente. A súa ocultación redonda nunha peor calidade do ensino, interfere no proceso de formación do alumno e mesmo pode derivar en conflitos de gravidade considerable dos que o centro non pode responsabilizarse de non ter aportado a familia TODA a información dispoñible.

Polo tanto esperase das nais e pais:

- Que valoren, apoiem e reforcen a labor do presor na aula.
- Que inclúen aos seus fillos valores como o respecto, a responsabilidade e a solidariedade.
- Que revisen se os seus fillos traen o materia a clase e sen cumpren coas tarefas eventualmente asignadas.
- Que comprobem se os seus fillos adican na casa o tempo necesario para o estudo.
- Que a relación non se basee solamente na queixa, senon tamén nas suxestións.
- Un compromiso na esixencia de responsabilidades aos seus fillos. A impunidade xera máis conflictividade. Hay que buscar na sanción efecto educativo.

Os ordenanzas

Conforme ao establecido na normativa vixente e no RRI do noso centro, polo que afecta á cuestión da convivencia:

- darán conta á dirección do centor dos actos nos que se atente contra as instalación e recursos do centro.
- Velarán por que se manteña a orde nas zonas de tránsito mediante a realización de roldas polo exterior do inmobile.
- Non permitirán a saída do centro dos alumnos menores de idade ou daqueles maiores que fagan uso do servizo de internado, sen autorización do equipo directivo ou ben sen que algún membro da súa familia se faga cargo del mediante o formulario correspondente establecido no RRI.



Persoal coidador e educador

Tal e como se establece no RRI o encargado de velar pola organización das tarefas de tempo libre e extraescolares así como os tempos de lecer e espercimento. Na vixiancia nocturna, o aseo e limpeza e a vixiancia e atención en ruta será competencia do persoal coidador.

No tocante ao fomento da convivencia, xestión de conflitos e mellora das relacións estarase os disposto neste Plan de Convivencia.

A equipa directiva

Estará permanentemente aberta ás suxestións que plantexen os pais e alumnos e calquera membro da comunidade educativa e, ante problemas de convivencia, dialogará cos alumnos e os seus pais a fin de reconducir a situación:

-apoiará diariamente a labor do profesor na aula.

-estará permanentemente aberto ás suxestión que planteen os alumnos e mediará na solución dos conflitos xunto co seu titor.

-fomentará o diálogo cos pais para que interveñan na coeducación dos seus fillos e lles fagan recapacitar.

-intentará aplicar medidas que teñan un carácter educativo, arbitrando fórmulas a través das cales o alumno modifique a súa conducta e termine asumindo as normas de convivencia para todos.

-as posibles medidas sancionadoras adoptadas irán aumentado gradualmente de menor a maior:

- amonestación verbal, amonestación escrita e comunicación á familia.
- Comparecencia en Xefatura de Estudos
- Privación de recreo
- Realización de traballo en casa
- Colaboración en tarefas de limpeza en horario non lectivo
- suspensión do dereito a participar en actividades
- suspensión do dereito de asistencia a clase

As catro primeiras medidas poderán ser porpostas directamente polos profesores. En caso de facer comparecer ao alumno na xefatura de estudos, será obrigatorio que o profesor lle entregue, xunto ao parte de amonestación, a actividade que deberá realizar durante o tempo de ausencia de clase. Xefatura de Estudos velará para que o alumno sexa atendido convenientemente, sendo un profesor de garda quen se encargue da súa custodia e supervise o cumprimento da actividade encomendada. As medidas correctivas 5, 6 e 7 só poderán ser propostas pola xefatura de Estudos, debendo ser a última confirmada no parte de incidencias pola dirección.

En caso de privación de recreo, o profesor entregará o presente PARTE na conserxería. O profesor de garda de recollerá os partes se os houbera e se encargará de que os alumnos amonestados cumplan coa medida correctiva e realicen as actividades propostas. Concluído o recreo, o profesor firmará no espacio destinado a tal fin, facendo a observación oportuna respecto a actitude o alumno durante o cumprimento da medida.

A Comisión de Convivencia

Constituída no seo do Consello Escolar formarana o Director, o Xefe de Estudos, un profesor, un pai ou nai e un representante dos servizos sociais. A súa principal función será a de canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade para mellorar a convivencia. A comisión realizará trimestralmente e anualmente a revisión e control do presente Plan de Convivencia.



Protocolo de Actuación unha vez detectado o acoso

Cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- condutas agresivas reiteradas
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Nos distintos Anexos a este Plan de Convivencia pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para obxectivizar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

- 1.-A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.
 - 2.-O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
 - 3.-Solicitarase a concurrencia á maior brevidade posible do Equipo de Orientación Específico (Expertos en Trastornos de Conduta).
 - 4.-A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións a través da Comisión de Convivencia.
 - 5.-O expediente seguirá o curso establecido no *Real Decreto 732/1995*, do 5 de maio de 1995, *dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia* (Capítulo III), segundo as indicación expresas que se fan no seguinte capítulo. En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
 - 6.-O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.
- É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipa directiva, titorías, profesorado, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores,(se procede) etc.
- 7.-Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE “Manuel López Navalón”
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”

INFORMACIÓN SOBRE POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

ORIXE DA INFORMACIÓN *(risque cun X onde proceda):*

Profesor/a do grupo	Outro/a profesor/a	Titor/a
Orientador/a	Persoal non docente	Agredido/a
Observador/a	Familia da persoa agredida	Outro pai/nai
Servizos médicos	Asistencia social	Outros (cal)

PERSOA ACOSADA

NOME:

CURSO:

GRUPO:

RELACIÓN DE FEITOS E MEDIDAS ADOPTADAS:



INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

ALUMNO/A:

GRUPO:

	CONDUTAS	SEMPRE	ÁS VECES
Relacións Sociais	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios nas súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) no centro		
	Cambios nas úsas relacións (compañeiros/as non habituais) fora do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca a soidade no centro		
	Busca a soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
Estados de ánimo	Descoida o seu aspecto físico		
	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Dificultades de comunicación nas tarefas		
	Dificultades de comunicación nas relacións co grupo		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores...)		
	Diminución da autonomía persoal		
Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a			
Negativa a falar sobre a situación			
Actuacións agresivas			
Actitudes na tarefa escolar	Dificultades de concentración nas tarefas		
	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a)		
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a		
	Prefire traballar só/soa		
	Baixa no seu rendimento escolar		
Diminución da autoestima			



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE “Manuel López Navalón”
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”

	CONDUTAS	SEMPRE	ÁS VECES
	Púxeronlle alcumes que non lle gustan		
	En actividades de grupo non é elexido/a		
	Desaparéncelle pertenzas esclares ou persoais		
	Actitude pasiva		
	Fai actividades ou tarefas qe non lle corresponden		
	Non se presta para participar en actividades voluntarias		
	Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual		



INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

ALUMNO/A:

GRUPO:

	CONDUTAS	SEMPRE	ÁS VECES
Relacións Sociais	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios nas súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
	Comentarios negaativos sobre a súa clase ou o seu entorno escolar		
	Prefire quedar na casa a saír		
Estados de ánimo	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Cambio nas rutinas relacionadas co sono		
	Cambio nas rutinas de alimentación		
	Cambios de humor		
Molestias físicas (vómitos, dores...)			
Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a			
Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmás/as..)			
Outras actitudes	Actitude negativa ante as tarefas escolares		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Pide máis cartos dos habituais		
	Deixa de recibir visitas, chamadas... de amigos/as		
	Nerviosismo en momentos de saír da casa		
	Nerviosismo ante o teléfono, uso de Internet, móbil...		
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón		
Desinterese en actividades que antes lle interesaban (deporte, cine, música...)			
Non quere falar das súas relacións			



MODELO DE INFORME DE ACOSO ESCOLAR

DATOS DO CENTRO:

CENTRO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

TITOR/A:

DATOS DOS/AS IMPLICADOS/AS

A) PRESUNTA VÍTIMA:

NOME E APELIDOS:

CURSO:

GRUPO:

B) PRESUNTOS/AS ACOSADORES/AS:

NOMES E APELIDOS:

CURSOS:

GRUPOS:

C) TESTEMUÑAS

ALUMNOS/AS (*especificar nomes e cursos*):

PROFESORES/AS:

PERSOAL NON DOCENTE:

OUTRAS PERSOAS (*especificar nomes e relación co centro se procede*):

DATOS SOBRE OS SUCECOS OCORRIDOS

LUGAR	DATAS	REPETIDAMENTE (si/non)
Clase do grupo		
Outra clase. Cal? _____		
Patio		
Baños		
Vestuario/simnasio		
Corredores		
Comedor		
Autobús		
Accesos ao centro		
Fora do centro		
Outros _____		



ACOSO VERBAL (Clave: 1- Raramente; 2- De cando en vez; 3- Habitualmente; 4-Diariamente)

Accións	1	2	3	4
Alcumes				
Insultos				
Provocacións				
Desprestixio (comentarios en relación co aspecto físico, raza, relixión, costumes, gustos...)				
Ridiculización pública				
Linguaxe non verbal despectiva				
Comentarios sexistas ou xenófobos				
Outros: _____				

ACOSO FISICO (Clave: 1- Raramente; 2- De cando en vez; 3- Habitualmente; 4-Diariamente)

Accións	1	2	3	4
Incomodar (descolocarlle as cousas, empuxóns suaves, tirarlle da roupa...)				
Agocharlle as cousas				
Intimidación (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...)				
Agresións leves				
Golpes illados				
Tundas				
Extorsión (facen cousas doutros/as, traer cartos...)				
Outros: _____				

ACOSO SOCIAL (Clave: 1- Raramente; 2- De cando en vez; 3- Habitualmente; 4-Diariamente)

Accións	1	2	3	4
Non dirixirlle a palabra				
Burcar o seu illamento no grupo e no centro				
Difundir informacións falsas sobre a persoa				
Humillacións				
Ridiculización das súas opinións, gustos, aspecto... na súa presenza ou na súa ausencia				
Comentarios negativos sobre o grupo ao que pertence				
Outros: _____				

MEDIOS TÉCNICOS (Clave: 1- Raramente; 2- De cando en vez; 3- Habitualmente; 4-Diariamente)

Accións	1	2	3	4
Mensaxes no móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas				
Correo electrónico ofensivo, intimidatorio ou non desexado				
Utilización da súa imaxe sen permiso				
Utilización da súa imaxe modificada para ridiculizar				
Outros: _____				



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE “Manuel López Navalón”
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”

OBSERVACIÓNS (*información relevante non incluída, consecuencias observadas na títima, accións xa en marcha, posibles accións a curto prazo, conclusións..*)

Data, sinatura e selo

DIRECCIÓN DO CENTRO

RESPONSABLE DO INFORME